



Voceiro do
Bloque Nacionalista Galego
 Febreiro 2004
 VILAGARCÍA DE AROUSA

BE-NE-GA

**Útil para Vilagarcía,
 útil para tí.**



O BNG escolle o **Auditorio** para o mitin central do **28 de febreiro** coa participación de **Anxo Quintana**

Que significan para Vilagarcía os comícios de marzo?

As eleccións xerais do próximo 14 de marzo, representan unha oportunidade para que Galiza gañe peso no conxunto do Estado e poda participar no deseño do novo modelo plurinacional con voz propia, nun cenário político sen maiorías absolutas. O noso país non pode perder máis trens, debe acadar o estatus político que lle corresponde e que só garante o BNG como forza nacionalista que pon por diante os intereses de Galiza. PPdeG e PSdeG están prisioneiros de estratexias políticas estatais que, con moita frecuencia, nos perxudican sen que nen os deputados populares, nen os socialistas galegos levanten un dedo para impedilo. Vilagarcía é un claro exemplo do aldraxe a que nos teñen sometidos coas políticas do Estado. Lembremos as promesas sobre a construción da nova vía que debe enlazar o Porto coa Autoestrada. **Agora é o momento.**

Olaia Fernández

“Queremos que no etiquetado dos productos pesqueiros figure Galiza como indicación da súa procedencia”



A candidata do BNG ao Congreso pola provincia de Pontevedra Olaia Fernández foi deputada no Parlamento Galego de 1993 a 2003. Desenvolveu a súa actividade parlamentaria en asuntos relacionados co emprego, a sanidade, o comercio e os servizos sociais. Pertence ao Consello Nacional do BNG dende a VII Asemblea Nacional.

¿Que ofrecerá o Bloque Nacionalista Galego despois do 14 de marzo en materia de emprego?

Galiza é a comunidade coa taxa de paro máis alta. Un BNG forte en Madrid permitiranos conseguir proxectos de creación de emprego para a xente nova e as mulleres. Pretendemos que o Estado invista en Galiza 350 millóns de euros anuais para crear emprego de calidade. Os nacionalistas ofrecemos un gran acordo polo emprego de calidade para acabar, dunha vez por todas, coa situación actual xa que de cada dez novos parados, tres son galegos e deles dúas son galegas.

¿Que defenderá o BNG para mellorar o sistema educativo?

O futuro de Galiza está na educación. Se o BNG é decisivo en Madrid conseguiremos máis diñeiro para as nosas universidades e para os nosos investigadores. Queremos mellorar as condicións de traballo das persoas que desenvolven o seu labor no ámbito científico e investigador, conseguir a transferencia á Xunta de Galiza das compe-

tencias e dos medios materiais na universidade a distancia (UNED) así como a conversión das bolsas de investigación en contratos de traballo que leven aparellado recoñecemento de dereitos laborais e sociais e establecemento de mecanismos que promovan a estabilidade laboral e a promoción profesional, entre outras propostas.

“Temos a intención de asinar convenios entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza para a potenciación do marisqueo e dos cultivos mariños”

¿E no turismo?

Apostaremos pola formación especializada cunha titulación na materia para fomentar un turismo específico e especializado con profesionais que teñan coñecementos suficientes para sacar o maior rendemento, evitando a contratación temporal e a precariedade laboral. Quérese dar un salto de calidade en servizos, atención e fidelización da clientela para o que se precisa que as administracións se impliquen a fondo. Sen calidade non hai futuro turístico. Pretendemos tamén evitar o despilfarro de cartos públicos no turismo.



¿Que propón sobre a sanidade?

O BNG ten un compromiso firme coa mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde, o que inclúe a aposta pola medicina especializada e avanzada nos grandes hospitais provinciais, o incremento do catálogo de prestacións a novas especialidades como a odontoloxía ou a telemedicina para o rural, ademais da dotación de recursos para favorecer a atención primaria.

¿Que defenderá en materia de infraestructuras para a comarca do Salnés?

Un dos temas que vai no programa electoral do BNG consiste en completar a estrutura básica de comunicacións interiores de Galiza por estrada, coa execución das autovías libres de peaxe que conecten Pontevedra e O Salnés coa A-52 e Portugal.

¿E cales son as liñas básicas que propón para beneficiar o sector pesqueiro?

Actualmente, existe un Ministerio de Agricultura cunha Dirección Xeral de Pesca, o que revela a escasa importancia que lle merece o tema da pesca ao Goberno do Partido Popular. No BNG somos conscientes de que a importancia do sector pesqueiro galego vai máis alá do valor das capturas e dos empregos directos que xera, e sabemos da relevancia do complexo mariño-industrial para o desenvolvemento económico de Galiza. Defendemos a adopción dun convenio entre a

Xunta de Galiza e o Goberno central para a modernización da frota artesanal e de baixura, a modificación dos criterios de distribución de subvencións do Estado español en materia de apoio a estruturas pesqueiras e mais de fomento da acuicultura e cultivos mariños, de forma que atendan á dimensión e á importancia socioeconómica da pesca en Galiza. Temos a intención de asinar convenios entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza para a potenciación do marisqueo e dos cultivos mariños.

¿Defenderán a transferencia das lonxas e das instalacións pesqueiras á Xunta?

Seguiremos reclamando a competencia do Goberno galego en todos os portos de Galiza e defendemos a transferencia das lonxas, instalacións e servizos pesqueiros dos portos galegos de interese xeral á Administración galega. Ademais, queremos un control sanitario das importacións para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da Administración galega, en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se lle ofrece ao consumidor. A nosa intención é permitir que na comercialización de produtos pesqueiros, e nomeadamente na normativa de etiquetado obrigatorio, poida figurar "Galiza" como indicación da súa procedencia.

CANDIDATURA DO BNG / ELEIÇÕES A CORTES XERAIS 2004 / PONTEVEDRA

CONGRESO DOS DEPUTADOS

Olalla Fernández Davila

Foi sindicalista e deputada do BNG no Parlamento Galego.

Maria do Carme Da Silva Méndez

Licenciada en Químicas. Concelleira de Pontevedra.

Xosé Sánchez Blázquez

Confederación Galega de Asociacións de Veciños. Voceiro de Nunca Máis.

Félix Juncal Novas.

Alcalde de Bueu. Presidente da Mancom. do Morrazo.

Nieves Cuéllar Redondo

Federación Provincial de Amas de Casa e Consumidores Rias Baixas. Concelleiras de Pontevedra.

Iria Aboi Ferradás.

Membro do Claustro da USC. Vice-Presidenta do Consello da Xuventude de Galiza. Membro de Galiza Nova.

Miguel Fernández Lores

Médico. Alcalde de Pontevedra.

SENADO

Santiago Domínguez Olveira

Secretario de Comunicación da Executiva Nacional do BNG. Concelleiro en Vigo. Adestrador de baloncesto.

Raquel López Doce

Concelleira do BNG na Estrada. Asistente Social do Concello de Pontecesures.

Roberto Mera Covas

Membro do Goberno Municipal de Pontearreas. 1º Tenente de Alcalde, Concelleiro de Meio-Ambiente, Urbanismo e Tráfico.

Marzo 2004
O momento de Galiza



Mitín

Sábado, 28 de febreiro ás 20 h.

AUDITORIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Xosé Castro Ratón

Portavoz municipal / Vilagarcía

Olaia Fernández

Candidata / Pontevedra

Anxo Quintana

Portavoz Nacional BNG

Rúa da Baldosa, 25 - 2º D
VILAGARCÍA DE AROUSA

Teléfono / fax 986 565 059
E-mail: salnes@bng-galiza.org



www.bng-galiza.org/osalnes